



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E A NAVIERA DE LAS RÍAS
GALLEGAS, S.L., PARA A INTEGRACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE
MARÍTIMO DO CORREDOR CANGAS-VIGO NA ÁREA DE TRANSPORTE
METROPOLITANO DE VIGO, TRAMITADO COMO EXPEDIENTE
ANTICIPADO DE GASTO**

13/12/2023

REUNIDOS

Dunha parte, Don Ignacio Maestro Saavedra, director xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en representación da dita consellería por delegación de sinatura da conselleira, feita por Orde do 7 de setembro de 2017.

Doutra parte, Don Enrique Mariño Couto, con DNI número 35314828-F, actuando en nome e representación da empresa Naviera de las Rías Gallegas, S.L., segundo poder outorgado ante o notario Ramón Mucientes Silva de Pontevedra mediante escritura do 27 de febreiro de 2008.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN

1.- Dende hai anos véñse poñendo de manifesto nas aglomeracións urbanas a necesidade de adaptar os sistemas de xestión do transporte público aos novos patróns e necesidades de mobilidade da súa poboación. Nesta liña, e como premisa de calquera política pública de mobilidade que pretenda a redución no uso do vehículo particular, resulta esencial a adopción dun plan de impulso e potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga eficientemente as necesidades de desprazamento da cidadanía.

Ademais, o transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén



contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Neste sentido, as administracións públicas trataron de facer fronte a este problema procurando a coordinación entre competencias de distinto nivel. Dentro desas liñas de actuación, a Xunta de Galicia elaborou o Plan de Transporte Metropolitano da área de Vigo, sobre as bases da colaboración administrativa e a coordinación entre modos de transporte público, co obxecto final de garantir un servizo de transporte público moderno e de calidade na área metropolitana, contendo o devandito plan de xeito detallado o conxunto de prescricións técnicas a desenvolver na área.

No marco dese plan, o 4 de marzo de 2015, asinouse o Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

Polo ámbito no que se enmarca, o transporte marítimo goza de especial relevancia para a citada área, posto que na contorna da ría son moitos os desprazamentos que se producen por vía navegable no canto de por vía terrestre. Así, con data 15 de abril de 2015 a, entón denominada, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e a empresa Naviera de las Rías Gallegas, SL, asinaron un convenio para a integración dos servizos de transporte marítimo entre os núcleos de Vigo e Cangas e viceversa, no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia dentro da Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

O citado convenio tiña unha vixencia inicialmente prevista ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, foi obxecto de prórroga no marco dos acordos institucionais acadados para o mantemento do servizo máis alá desta data inicial ata o 31 de decembro de 2021.

2.- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e os concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior, renovaron a liña de colaboración que manteñen aberta mediante a formalización, en data 27 decembro de 2021, dun novo Convenio de colaboración para desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo (en diante, *Convenio Marco*), cunha vixencia de dous anos; con data do 27 de



novembro de 2023, por acordo da súa Comisión de Seguimento, este convenio foi prorrogado por dous anos máis, polo que a súa vixencia manterase ata o 31 de decembro de 2025.

3.- Neste mesmo marco de colaboración, con data 23 de decembro de 2021, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e a empresa Naviera de las Rías Gallegas, SL, asinaron un novo convenio para a integración dos servizos de transporte marítimo do corredor Cangas-Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo, cunha vixencia de dous anos a contar dende o 01/01/2022.

Acordada a prórroga de referido *Convenio Marco* por un período de dous anos, é preciso realizar unha renovación do convenio asinado con data 23 de decembro de 2021 entre a Xunta de Galicia e a empresa Naviera de las Rías Gallegas, SL, para dar continuidade á finalidade que se persegue con este instrumento de colaboración que incorpora aos servizos marítimos as previsións de bonificación tarifaria prevista no Convenio formalizado entre as administracións públicas que integran a ATM de Vigo.

4.- Este convenio é, por tanto, a instrumentación deses intereses comúns de ambas as dúas partes. Hai que lembrar que xa o Decreto 228/2008, do 2 de outubro, sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia, prevé no seu artigo 11, baixo a epígrafe *"participación en medidas de fomento do transporte público"* que *"co fin de fomentar a intermodalidade e a coordinación entre modos de transporte, así como de impulsar modelos de mobilidade sostible nas cidades, os servizos de transporte marítimo que se presten en contornos metropolitanos poderán optar á participación no sistema de transporte público, implementando mediante acordos cos prestadores dos servizos medidas de coordinación entre modos de transporte e de bonificación das tarifas aos/ás usuarios/as, en condicións semellantes ás que operen para o resto de servizos de transporte da área"*.

Para estes efectos, a través deste convenio entre a Administración pública competente e unha das empresas que prestan servizos na ría de Vigo, establécense os mecanismos de bonificación tarifaria ás persoas usuarias dos ditos servizos, ademais doutras iniciativas para a coordinación e mellora do transporte público no contorno da cidade de Vigo.



Poténciase así o emprego dos servizos de transporte marítimo dándolle continuidade as vantaxes tarifarias para ás persoas usuarias recollidas no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, formalizado o 27 de decembro de 2021.

5.- Nese sentido, a configuración da rede integrada de transporte público require que os servizos marítimos do corredor Cangas-Vigo, que o conformen reúnan, cando menos, as seguintes características:

- a) tratarse de servizos de transporte marítimo de persoas de uso xeral, isto é, ofertados ao conxunto da cidadanía sen ningún tipo de discriminación nin requisito especial;
- b) ofrecerse de maneira continua ao longo de todo o ano, sen prexuízo de que se establezan distincións na oferta entre temporada de inverno e temporada de verán;
- c) ter carácter regular, con suxeición a un calendario e horario prefixados e debidamente publicitados;
- d) garantir unha oferta de idas e voltas suficiente e cunha distribución equilibrada ao longo dunha mesma xornada, sen prexuízo de que poidan preverse franxas horarias con distinta intensidade de servizos ou de diferenciar entre os días laborables e o resto de días;
- e) dispor de barcos cunha capacidade mínima para cen persoas.

Partindo do interese da Naviera de las Rías Gallegas SL, por manter a integración dos seus servizos na ATM de Vigo, analizouse o conxunto dos mesmos á luz deses estándares mínimos, constatándose que os cumpren de maneira completa e axeitada. Así pois, e existindo ademais un compromiso por parte da empresa de continuar apostando por uns servizos de calidade, procede asinar este convenio.

Consonte co anterior, as partes asinantes

ACORDAN



Asinar este convenio, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

1. O presente convenio, ten por obxecto exclusivo dar continuidade á integración dos servizos de transporte marítimo ofertados por Naviera de las Rías Gallegas, SL, entre os núcleos de Vigo e Cangas e viceversa, na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.
2. A integración indicada no punto anterior é asumida de xeito voluntario por Naviera de las Rías Gallegas, SL, dentro do marco de libre competencia que establece a Lei 2/2008, de 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.

Segunda. Ámbito de aplicación

1. Este convenio aplicarase aos servizos de transporte marítimo de uso xeral prestados pola Naviera de las Rías Gallegas, SL, nas augas interiores da ría de Vigo, que unen os portos de Vigo e Cangas e viceversa e que reúnan as características mínimas indicadas na cláusula seguinte.
2. Quedan expresamente excluídos deste convenio:
 - a) os servizos de transporte con orixe ou destino nas illas Cíes;
 - b) os servizos que unan por vía marítima núcleos de poboación ou vilas dentro do mesmo concello;
 - c) os servizos de natureza turística;
 - d) os servizos discrecionais.
3. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, poderase ofertar ás persoas usuarias por parte da empresa a utilización gratuíta dos servizos de transporte incluídos no ámbito do convenio, incluso como parte de servizos excluídos nos que ese traxecto non teña facturación independente. A



información relativa a estes billetes gratuítos incorporarase ás correspondentes colectas e figurará no Sistema de Información de Transporte Metropolitano (en adiante, SITME), sen xerar dereito a compensacións vinculadas co sistema de pagamento metropolitano.

Terceira. Servizos obxecto do convenio

1. Os servizos que Naviera de las Rías Gallegas, SL, ten inscritos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo co número de rexistro RTM 0004/2009– A10, e para os que se manterá a incorporación ao PTMG, reúnen as características imprescindibles mencionadas no punto 4 da parte expositiva, polo que resulta viable manter a súa integración na rede ampliada de transporte que o dito plan promove.

2. Se, conforme á súa liberdade de prestación, a empresa promove unha modificación de servizos que non respectase as características mínimas indicadas no punto anterior, poderá denegarse a súa inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo, agás que vaia acompañada da renuncia expresa da empresa a manter a integración no PTMG dos servizos incluídos neste convenio, coa conseguinte perda de vixencia deste.

Cuarta. Sistema tarifario zonal

1. Nos servizos prestados pola Naviera de las Rías Gallegas, SL, ao abeiro deste convenio será aplicable unha minoración do prezo do billete ofertado ás persoas usuarias, minoración que será compensada pola Xunta de Galicia de acordo cos seguintes criterios:

- O nivel de compensación para o corredor Vigo-Cangas establécese en 2,132701 euros, IVE incluído.
- En función dos compromisos asumidos por Naviera de las Rías Gallegas, SL, de cara a mellorar a oferta e mais as características dos servizos, sobre ese nivel de compensación aplicaranse acumulativamente as seguintes porcentaxes:



- a) Integrarse no Sistema de Axuda á Explotación (SAE) realizando as adaptacións de hardware e software que resulten precisas: incremento dun 1% sobre o nivel de compensación. Esta integración farase nas condicións e prazos de determine a Dirección Xeral de Mobilidade congruentemente coa Resolución conxunta do 2 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se aproban as especificacións técnicas e funcionais dos sistemas que deberán cumprir os SAE propios e, na medida en que manteña a súa aplicabilidade, a Resolución conxunta do 1 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se aproban as especificacións funcionais para a implantación de sistemas de axuda á explotación (SAE) en toda a frota adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia. Este incremento so será aplicable desde a efectiva integración no SAE.
- b) Contar con polo menos un barco de retén que garanta a prestación de servizos en caso de avaría: incremento dun 1,5% sobre o nivel de compensación. Este compromiso supón para a empresa operadora adherida a obriga de restablecer o servizo no prazo máximo de media hora dende a súa interrupción.
- c) Prestar os servizos necesarios para que a oferta global existente no corredor, tendo en conta o total de empresas que nel operen en cada momento, manteña como mínimo os niveis de prestación que se recollen no anexo I: incremento dun 3% sobre o nivel de compensación.

Este compromiso será esixible sempre e cando o volume total de persoas usuarias no dito corredor en cómputo anual sexa igual ou superior a aquel que se especifica tamén no anexo I. Para constatar este dato atenderase aos datos que resulten do Sistema Informático de Transporte Metropolitano (SITME). No caso de non ser esixible ese compromiso, non se aplicaría a bonificación.



2. Naviera de las Rías Gallegas, SL asume de maneira expresa e voluntaria mediante a sinatura deste convenio o conxunto de compromisos previstos no punto anterior, así como o nivel de compensación que, de acordo con tales compromisos lle resulta aplicable, que se concreta na contía de 2,25 euros, IVE incluído.

3. O incumprimento dos compromisos previstos no punto 1 desta cláusula, que voluntariamente asume a empresa coa sinatura deste convenio, a partir de que o dito incumprimento se verifique, derivará as seguintes consecuencias:

- a) A perda da porcentaxe de incremento no nivel de compensación correspondente ao compromiso de que se trate.
- b) Respecto dos compromisos a) e b) da cláusula 4.1, individualmente considerados, ademais do previsto na letra a) anterior, a imposición dunha penalidade adicional consistente nunha redución no nivel de compensación equivalente ao dobre da porcentaxe que en cada caso correspondese.
- c) Respecto do compromiso previsto na letra c) da cláusula 4.1, ademais do previsto na letra a) anterior, resultaralle aplicable a mesma penalidade adicional consistente nunha redución no nivel de compensación equivalente ao dobre da porcentaxe correspondente, no suposto de ter realizado a empresa participante neste convenio a redución da súa oferta de servizos que provocase a perda do nivel de oferta asumida no anexo, e sempre que o volume de usuarios do dito corredor no ano inmediatamente anterior a aquel no que se introduza o cambio sexa igual ou superior:
 - durante o primeiro ano da vixencia do Convenio, do indicado no anexo.
 - a partir do segundo ano, tomarase en consideración os resultados procesados polo sistema informático SITME durante o primeiro ano de vixencia do convenio.

4. O importe das cantidades correspondentes á prestación dos servizos será o correspondente á diferenza global entre o importe abonado polas persoas usuarias e os niveis de compensación establecidos, importes que a Dirección Xeral de Mobilidade abonará con periodicidade quincenal, con base na



información obtida da aplicación informática de xestión do transporte metropolitano. Para tal fin, constitúe unha obriga inescusable de Naviera de las Rías Gallegas, SL, de remitir de maneira periódica e regular as colectas; as colectas correspondentes a cada día natural deberán ser remitidas nas 48 horas seguintes. Non obstante, no caso de ser sábado, domingo ou festivo o último día dese prazo de 48 horas, a colecta poderá ser remitida o seguinte día hábil.

No caso de demora de remisión de colectas, ao que resultará equivalente a remisión reiterada e non corrixida en prazo de colectas non válidas, a Dirección Xeral de Mobilidade poderá determinar a perda do dereito ao procesamento e pagamento da colecta retrasada, sen prexuízo da posibilidade de consideración desta actuación como incursa nun suposto de incumprimento deste convenio.

5. A táboa de prezos por salto serán os establecidos para a relación de transporte marítimo metropolitano Cangas – Vigo consonte co previsto no Convenio de colaboración para desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, formalizado o 27 de decembro de 2021, ou documentos que o substitúan no marco da implantación da ATG, podendo incluír bonificacións adicionais que puidese establecer a Administración autonómica, como a bonificación adicional acordada na Orde da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do 27 de decembro de 2022, pola que se dá continuidade durante o mes de xaneiro de 2023 á minoración adicional e temporal nas tarifas bonificadas de aplicación no transporte público interurbano de competencia da Xunta de Galicia e establecida na Orde do 30 de agosto de 2022.

Durante a vixencia do presente convenio de colaboración non se prevé modificación dos niveis de compensación que se establecen nesta cláusula.

Quinta. Expedición e cancelación de títulos

1. Naviera de las Rías Gallegas, SL, deberá dispoñer dun sistema de billetes con capacidade para expedir e validar os títulos de transporte previstos no PTMG, así como o software preciso para emitir informes cos datos.



Para estes efectos, a empresa asumirá os gastos de primeira adquisición ou adaptación do sistema, mantemento, reparación ou reposición.

2. O sistema previsto no punto anterior será o único modo válido para adquirir títulos de transporte para acceder aos servizos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio.

3. A facturación de servizos fóra do sistema de billetes antedito determinará que por parte da Dirección Xeral de Mobilidade se apliquen as seguintes penalizacións:

- a) en todo caso, anularanse as colectas correspondentes á xornada en que se detectase a irregularidade;
- b) a maiores do anterior, o primeiro incumprimento detectado dará lugar a unha redución xeral e permanente do nivel de compensación dun 0,05%.
- c) ademais do previsto na letra a), o segundo e sucesivos incumprimentos determinarán, cada un deles, unha minoración adicional, permanente e acumulativa do nivel de compensación dun 0,5%.

As penalizacións anteriores fixaranse previa audiencia do interesado, sen prexuízo da posibilidade de resolver o convenio por mor destes incumprimentos, de acordo co que establece a cláusula novena.

Sexta. Outras obrigas

En virtude deste convenio, Naviera de las Rías Gallegas, SL, asume ademais as seguintes obrigas:

- a) Formalizar os correspondentes contratos coas entidades financeiras colaboradoras co PTMG (Abanca).
- b) Manter a dotación dos medios tecnolóxicos precisos e plenamente operativos para a operatividade da TMG e do SITME.
- c) Facilitar a carga no SITME e cargar nas máquinas canceladoras a información relativa á explotación dos servizos afectados por este convenio. Esta mesma información será empregada para a información ás persoas usuarias. A empresa será responsable ademais da plena correspondencia entre a información do SITME, e a información facilitada

ás persoas usuarias a través deste medio coa realidade da explotación que realice. Do mesmo xeito, a participación no SITME non será constitutiva de exención ou limitación de responsabilidade pola eventual discordancia entre a explotación de servizos que leve a cabo e a información que figure inscrita no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.

- d) Aplicar a imaxe corporativa do "Transporte Público de Galicia" definida pola Dirección Xeral de Mobilidade para o PTPG, incorporando aos buques os soportes de identificación que se establezan.
- e) Integrarse no Sistema de Axuda á Explotación (SAE) realizando as adaptacións de hardware e software que resulten precisas. Esta integración farase consonte co previsto na letra a) da cláusula 4.1.
- f) Contar con polo menos un barco de retén que garanta a prestación de servizos en caso de avaría. Este compromiso supón para a empresa operadora adherida a obriga de restablecer o servizo no prazo máximo de media hora dende a súa interrupción.
- g) Prestar os servizos necesarios para que a oferta global existente no corredor, tendo en conta o total de empresas que nel operen en cada momento, manteña como mínimo os niveis de prestación que se recollen no anexo I, e deberán ser eses datos os que figuren no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.

Sétima. Crédito orzamentario

Para a execución deste convenio a Xunta de Galicia dispón de crédito orzamentario abondo con cargo á aplicación orzamentaria **08.02.512A.470.1**. No Convenio Marco están previstas as estimacións económicas que deberán asumir as Administracións participantes para o financiamento do servizo. Estas estimacións están suxeitas a modificación contable por parte da Administración para adecualas á distribución de gasto real entre os contratistas integrados.

Oitava. Vixencia



1. O presente convenio subscríbese no marco do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2024 e manterá a súa vixencia por dous anos.

2. Sen prexuízo do anterior, este convenio poderá ser obxecto de prórroga expresa para o mantemento das bonificacións máis alá da data inicialmente prevista, por un ou varios períodos sucesivos ata acadar o período máximo establecido legalmente, e coas obrigas xurídicas e financeiras establecidas para a aprobación da referida prórroga, previo acordo entre ámbalas dúas partes asinantes.

Os indicados acordos de prórroga deberán ser adoptados con anterioridade ao 15 de decembro do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga, e no mesmo deberán detallarse as liñas de actuación a seguir cara ao novo marco de colaboración.

Sen prexuízo da duración sinalada, o presente convenio finalizará no momento no que se produza a implantación da Área de Transporte de Galicia (ATG) no ámbito territorial dos servizos de transporte previstos neste convenio, agás que con antelación á dita data se comunique por parte da dirección xeral competente en materia de transportes á navieira asinante, a súa continuidade no marco desa nova actuación ata o seu vencemento ou o das súas posibles prórrogas.

Novena. Causas de resolución

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:

- a) o incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras;
- b) a desistencia de calquera das partes asinantes. Para estes efectos, calquera das partes poderá trasladarlle de maneira fidedigna á outra a súa vontade de desistir cunha antelación mínima de tres meses á data na que pretende ter por resolto o convenio. Entenderase incluído neste suposto o previsto no punto 2 da cláusula terceira;
- c) acordo das partes asinantes.



Décima. Natureza xurídica e normativa aplicable

1. Este convenio asínase no marco do PTMG e do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, que as partes declaran coñecer.

2. A este convenio non lle será de aplicación a lexislación sobre contratación das administracións públicas, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da súa aplicación supletoria para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

3. Este convenio rexerase polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

Este Convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento. E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente o presente convenio.

Este Convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento. E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente o presente convenio.

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade
(P.D. de sinatura, Orde do 07/09/2017)

Naviera de las Rías Gallegas, SL
Enrique Mariño Couto

O director xeral de Mobilidade
Ignacio Maestro Saavedra



ANEXO

Niveis mínimos de prestación no corredor Vigo- Cangas

Tempada de inverno (do 1 de setembro ao 30 de xuño):

Saídas desde Vigo			Saídas desde Cangas		
Días laborables	Sábados	Domingos e festivos	Días laborables	Sábados	Domingos e festivos
34	16	15	34	16	15

Tempada de verán (do 1 de xullo ao 31 de agosto):

Saídas desde Vigo			Saídas desde Cangas		
Días laborables	Sábados	Domingos e festivos	Días laborables	Sábados	Domingos e festivos
31	16	15	31	16	15

Días específicos de prestación: saídas de Vigo e saídas de Cangas

24 de decembro: 32 laborais; 15 sábados; 14 domingos.

25 de decembro: 11.

31 de decembro: 32 laborais; 15 sábados; 14 domingos.

1 de xaneiro 11.

6 de xaneiro 11.

Volume anual total de persoas usuarias no corredor marítimo: 982.808